



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a las previsiones del Ministerio de Transporte ante la finalización de los bonos.**

La implantación de los bonos gratuitos de transporte ferroviario, si bien motivada por la crisis económica y el actual repunte de la inflación, ha permitido poner de manifiesto su utilidad más allá de dicho contexto como medida que favorece y facilita el uso del transporte público, principalmente del ferroviario. Así pues, los datos de los últimos años muestran que en Galicia el uso del tren para la movilidad diaria ha aumentado exponencialmente gracias a las bonificaciones de los precios. La gente opta por el transporte público si se ofrecen bonos y tarifas accesibles a las personas usuarias.

Se trata asimismo de una medida que permite avanzar en la lucha contra el cambio climático y la descarbonización del transporte, al impulsar la movilidad ferroviaria, más sostenible y ecológica.

Sin embargo, los bonos gratuitos que se han aplicado y prorrogado en los últimos años tienen fecha de caducidad fijada para finales de este mes de junio, mientras que el propio Ministerio ha anunciado que no se renovarían. Así pues, existe incertidumbre entre las miles de personas usuarias del tren en Galicia sobre cuál será el futuro, sobre cuáles serán en adelante los nuevos precios y condiciones de los abonos, al tiempo que siguen demandando fórmulas atractivas que les permitan seguir utilizando el tren para su movilidad diaria.

Para facilitar esta transición, consideramos necesario que, en el momento actual, se mantengan en funcionamiento las bonificaciones actuales hasta final de año y que, mientras tanto, se prepare y se dé a conocer el nuevo funcionamiento y condiciones del sistema.

De conformidad con la información que se ha hecho pública, el Ministerio estaría estudiando la implantación de un billete único para 2026 que incluiría el transporte urbano, metropolitano y estatal con la salvedad de servicios comerciales como el AVE y el Alvia.



No obstante, no sabemos cómo se articularán las bonificaciones que el BNG considera necesario seguir manteniendo gratuitas para determinados colectivos como personas vulnerables, jóvenes, personas usuarias recurrentes, personas jubiladas, entre otras, además de fórmulas más económicas para la ciudadanía en general.

Creemos que una fórmula mixta en la que se mantenga el bono gratuito para algunos sectores sociales y el diseño de fórmulas tarifarias con precios competitivos sería la mejor manera de seguir incentivando el uso del transporte ferroviario colectivo y retirar vehículos de las carreteras en Galicia.

Por supuesto, la política de precios deberá ir acompañada de frecuencias y horarios adaptados a las necesidades diarias de movilidad de la población gallega, con suficientes trenes madrugadores y de última hora de la tarde tanto en los servicios del Eixo Atlántico, Media Distancia y Avant, así como con plazas suficientes, hasta que se implanten los servicios de Cercanías a los que se comprometió el Gobierno con el BNG en el Acuerdo de Investidura.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Cuáles son las previsiones del Gobierno ante el fin de los bonos de transporte gratuitos el 30 de junio?
2. ¿Está dispuesto a extender los bonos gratuitos hasta final de año mientras se diseña, aprueba y da a conocer el funcionamiento de las nuevas bonificaciones?
3. ¿Qué medidas va a adoptar para que los gallegos y las gallegas sigan utilizando el tren para su movilidad diaria? ¿Qué fórmulas ofrecerá para mantener a los miles de usuarios y usuarias que se subieron al tren con los bonos gratuitos?
4. ¿Mantendrá los bonos gratuitos para determinados colectivos como estudiantes, personas vulnerables y viajeros y viajeras recurrentes para evitar la saturación de vehículos en las carreteras, contribuyendo a la descarbonización del transporte?
5. ¿Se reforzarán las frecuencias del Eje Ferroviario Atlántico en las primeras horas de la mañana, trenes madrugadores, así como en las franjas horarias más exigentes de la tarde? ¿Aumentará el número de plazas?
6. ¿Qué disposición tiene el Ministerio respecto de reforzar los trenes para la movilidad interna en Galicia?



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



7. ¿En qué estado se encuentra el Estudio para la implantación del servicio ferroviario de Cercanías en Galicia?

Madrid, a 6 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUN. 2025 13:48:55

Entrada **71604**

Sobre as previsións do Goberno en relación co mantemento das bonificacións no transporte colectivo

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás previsións do Ministerio de Transporte ante a finalización dos bonos gratuítos.**

A implantación do bonos gratuítos de transporte ferroviario, aínda que motivada pola crise económica e o auxe inflacionista do momento, permitiu pór de manifesto a súa utilidade máis alá dese contexto como medida que favorece e facilita o uso do transporte público, principalmente o ferroviario. Así, os datos dos últimos anos demostran que na Galiza incrementouse de maneira exponencial o uso do tren para a mobilidade diaria debido ás bonificacións dos prezos. A xente opta polo transporte público se se ofrecen bonos e unha política tarifaria accesíbel para as persoas usuarias.

Trátase, ademais, dunha medida que permite avanzar na loita contra o cambio climático e a descarbonización do transporte, por favorecer a mobilidade ferroviaria, máis sustentábel e ecolóxica.

Porén, os bonos gratuítos que veñen aplicándose e prorrogándose nos últimos anos, teñen data marcada de expiración para finais deste mes de xuño, ao tempo que o propio Ministerio anunciou que non se renovarán. Existe pois incerteza entre os millares persoas usuarias do tren na Galiza de cal vai ser o futuro, sobre cal van ser agora os novos prezos e condicións dos abonos, ao tempo que seguen a demandar fórmulas atractivas que permitan seguir a utilizar o tren para a mobilidade diario.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

06 JUN. 2025 13:48:55

Entrada **71604**



Para facilitar esta transición, consideramos necesario que, no momento actual, se opte polo mantemento das actuais bonificacións en funcionamento até final de ano e que, no en tanto, se preparen e se dea a coñecer o novo funcionamento e condicións do sistema.

Segundo a información feita pública o Ministerio estaría a barallar a aplicación dun billete único para o 2026 que incluíría o transporte urbano, metropolitano e estatal a excepción de servizos comerciais como o AVE e Alvia. Mais non sabemos como se artellarán as bonificacións que o BNG considera preciso seguir mantendo gratuíto par determinados colectivos como poden ser persoas vulnerábeis, mocidade, persoas usuarias recorrentes, persoas xubiladas, entre outras, ademais de fórmulas máis económicas para o público en xeral.

Coidamos que unha fórmula mixta na que se manteña o bono gratuíto para algúns sectores sociais e o deseño de fórmulas tarifarias con prezos competitivos sería o mellor modo de seguir a incentivar o uso do transporte colectivo ferroviario e retirar vehículos das estradas na Galiza.

Desde logo a política de prezos debe ir acompañada dunhas frecuencias e horarios adaptados ás necesidades de mobilidade diaria da poboación galega, con suficientes trens madrugadores e a última hora da tarde tanto nos servizos do Eixo Atlántico como media distancia e Avant, así como con prazas suficientes, mentres non se implanten os servizos de cercanías comprometidos polo Goberno co BNG no Acordo de Investidura.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Cales son as previsións do Goberno ante a finalización dos bonos gratuítos de transporte o vindeiro 30 de xuño?
2. Está disposto a prorrogar os bonos gratuítos até fin de ano en tanto se deseñan, aproban e dan a coñecer o funcionamento das novas bonificacións?



3. Que medidas vai adoptar para que os galegos e as galegas continúen a utilizar o tren na súa mobilidade diaria? Que fórmulas vai ofrecer para manter aos milleiros de usuarios e usuarias que subiron ao tren cos bonos gratuítos?
4. Manterá os bonos gratuítos para determinados colectivos como estudantes, persoas vulnerábeis e viaxeiros e viaxeiras recorrentes para evitar a saturación de vehículos nas estradas, contribuíndo á descarbonización do transporte?
5. Reforzará as frecuencias do Eixo Atlántico ferroviario nas primeiras horas da mañá, trens madrugadores, así como nas faixas de máis demanda da tarde? Aumentará as prazas?
6. Que dispoñibilidade ten o Ministerio a reforzar os trens para a mobilidade interior na Galiza?
7. En que estado se encontra o Estudo para a implantación de servizos ferroviarios de cercanías na Galiza?

Madrid, a 6 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

